



DATOS IDENTIFICATIVOS

Lingüística: Introducción á lingüística aplicada

Materia	Lingüística: Introducción á lingüística aplicada			
Código	V01G400V01102			
Titulación	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Traducción e lingüística			
Coordinador/a	Ramallo Fernández, Fernando			
Profesorado	Ramallo Fernández, Fernando Sentí Janssen, Alicia			
Correo-e	framallo@uvigo.es			
Web				
Descripción xeral				

Competencias

Código

A1	Que o estudiantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudio.
A2	Que o estudiantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vanguarda do seu campo de estudo.
B1	Capacitación do estudiantado para que adquira coñecementos lingüísticos e literarios.
B2	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permita ao estudiantado acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.
B7	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüísticos e literarias.
B8	Capacidade para participar en debates e actividades de grupo e organizalos, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico.
C5	Coñecemento dos conceptos e métodos da análise lingüística.
C8	Coñecemento das correntes teóricas e metodolóxicas da lingüística.
D5	Capacidade de xerar novas ideas.
D10	Capacidade de análise e síntese.
D11	Capacidade para manexar a bibliografía consultada e para citala axeitadamente.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Coñecer os fundamentos teórico-metodolóxicos da lingüística aplicada	A1	B1	C5	D10
	A2	B2	C8	D11
			B7	
Ser quen de identificar, describir e analizar problemas nos que a linguaxe e as linguas ocupan un lugar central nas sociedades contemporáneas	A1	B8	C5	D5
			C8	D10
			D11	

Contidos

Tema

1. A lingüística aplicada como campo de estudo da linguaxe, das linguas e da sociedade	1.1 Que (non) é a lingüística aplicada? 1.2 Lingüística aplicada e cambio social 1.3 Como se fai lingüística aplicada
2. O campo profesional	2.1 Lingüística forense 2.2 Lingüística clínica 2.3 Tradución e interpretación 2.4 Lexicografía 2.5 Tecnoloxías da linguaxe 2.6 Política Lingüística (e Lingüística Política)
3. Problemática	3.1 Linguaxe e neoliberalismo

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introductorias	2	0	2
Lección maxistral	20	0	20
Seminario	6	37	43
Debate	8	0	8
Resolución de problemas	6	0	6
Traballo	4	40	44
Probas de resposta curta	2	25	27

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descripción
Actividades introductorias	Sesión encamiñada a tomar contacto e a reunir información sobre o alumnado, avaliar o punto de partida e presentar a materia. <u>Recoméndase a asistencia do alumnado semipresencial.</u>
Lección maxistral	Introdución conceptual aos contidos de cada un dos temas. O alumnado semipresencial ten a súa disposición pífulas audiovisuais e outros materiais complementarios para traballar as cuestións teóricas abordadas nas sesións maxistrals.
Seminario	Traballo en profundidade, discusión grupal e debate de lecturas das problemáticas abordadas.
Debate	Charla aberta entre os estudiantes. Pode centrarse nun tema dos contidos da materia, na análise dun caso, no resultado dun proxecto, exercicio ou problema desenvolvido previamente nunha sesión maxistral.
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. Metodoloxía que tamén ha seguir o alumnado semipresencial

Atención personalizada

	Metodoloxías	Descripción
Seminario		Para o seguimento desta metodoloxía docente, o alumnado pode resolver as dúbidas en titorías personalizadas.
Traballo		Para a elaboración do traballo proposto, o alumnado ten que acudir obrigatoriamente a 2 titorías (individuais ou grupais) nas que se abordarán as dúbidas que suscite esta metodoloxía docente. Estas titorías serán virtuais para o alumnado semipresencial, a través de algún programa de interacción en liña.

Avaliación

	Descripción	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Seminario	O alumnado deberá facer unha lectura exhaustiva dos textos propostos. Ademais, deberá entregar con antelación á celebración de cada seminario un breve documento que inclúa un resumo, unha evaluación crítica e unhas preguntas para discutir no seminario. Para obter a máxima cualificación nesta metodoloxía é imprescindible a asistencia e a participación activa nas sesións. O alumnado semipresencial deberá facer as mesmas lecturas, que serán traballadas tanto nun foro específico en liña como nas sesións de titorías grupais presenciais acordadas para o cuadrimestre.	30 A2 B7 B8	A1 B1 C5 D10 B2 D11 B7 B8
Debate	Haberá diversos debates sobre cuestións relacionadas coa materia. Valorarase particularmente a capacidade argumentativa sobre a problemática proposta para cada un dos debates. No caso do alumnado semipresencial, estes debates faranse vía telemática.	15 A2	A1 B8 C5 D5 D10

Resolución de problemas	Valorarase especialmente a resolución creativa das prácticas propostas, a partir dos coñecementos adquiridos nas sesións maxistrais. O alumnado semipresencial terá que elaborar as prácticas e/ou exercicios e remitilos a través da plataforma de traballo en liña que terá a súa disposición. Non terá que facelos en tempo real, pero si durante a mesma semana na que se propoñan.	10	A1	C5	D5 D10
Traballo	O alumnado presenta o resultado obtido na elaboración de 1 traballo sobre a temática da materia. Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo, de forma oral ou escrita. O alumnado semipresencial ten tamén que elaborar e presentar un traballo de curso	25	A1 A2	B2 B7 B8	D5 D10 D11
Probas de resposta curta	Haberá dúas probas de respuestas curtas para avaliar os coñecementos adquiridos. Poderán ser orais ou escritas. O alumnado semipresencial deberá realizar estas probas de xeito presencial no día e na hora que se fixen.	20	A1 A2	B1 C5 C8	D5 D10

Outros comentarios sobre a Avaliación

Contémplanse dúas posibilidades de avaliação: continua e única. Cada discente ten que comunicar a súa preferencia nas primeiras semanas de clase.

Avaliación continua

É a recomendada para todo o alumnado. Contempla as actividades que se describen na táboa anterior. Para a avaliação continua é moi recomendable a asistencia ás horas presenciais (incluidas as prácticas). No caso do alumnado semipresencial recoméndase asistir á sesión de presentación, a dúas titorías (individuais ou grupais) e ás probas escritas previstas. No resto, debe

realizar e entregar as tarefas de avaliação indicadas en tempo e forma.

A materia de exame inclúe a lista de conceptos que se han traballar nas sesións maxistrais, para o que se prevé a elaboración dun breve glosario. A data do exame é a do calendario oficial da Facultade de Filoloxía e Tradución.

Aquelas persoas que non superen a materia ao final do cuadrimestre, deberán presentarse ó exame escrito na data oficialmente establecida pola Facultade con vistas á segunda edición de actas.

Avaliación única

O alumnado que prefira someterse a avaliação única deberá examinarse de todos os contidos da materia nun exame final único que se realizará na data oficial.

Aquelas persoas que non superen a materia ao final do cuadrimestre, deberán presentarse ao exame escrito na data oficialmente establecida pola Facultade con vistas á segunda edición de actas.

Observación

O plaxio será penalizado. En caso de detectárense prácticas que impliquen plaxio poderase invalidar a cualificación na proba correspondiente.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Moita Lopes, Luiz Paulo da (org), **Por uma lingüística aplicada indisciplinar**, 2, Parábola, 2008

Rajagopalan, Kanavillil, **Por uma lingüística crítica**, 1, Parábola, 2003

Bibliografía Complementaria

Lacorte, Manel (coord.), **Lingüística aplicada del español**, 1, Arco Libros, 2007

Hall, Christopher J.; Smith, Patrick H. & Wicaksono, Rachel, **Mapping Applied Linguistics**, 1, Routledge, 2011

Recomendacións

Outros comentarios

A materia impártese en lingua galega. O alumnado de intercambio é benvido. Recoméndase un bo nivel de galego oral.
